



Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte

### **PREGUNTA ESCRITA PARA A SÚA RESPONSA NO PLENO**

Para o pleno de setembro de 2015 o BNG tiña presentada unha pregunta escrita na que daba conta de que en diferentes zonas do concello, nomeadamente nas zonas rurais, a veciñanza queixábase da escaseza e ausencia de colectores amarelos, empregados para a separación de residuos máis básica (envases de plástico, latas e bricks).

A suspensión de dita sesión plenaria impediu que o alcalde puidese responder á pregunta en pleno, aínda que si o fixo na comisión de asuntos de pleno celebrada antes do pleno de outubro dese mesmo ano. En dita comisión o alcalde informou de estar en contacto coa Consellaría de Medio Ambiente para recibir novos colectores para a reciclaxe.

Pasado un ano e catro meses desde esa pregunta, a situación segue a ser a mesma.

Por esa razón, o BNG desexa ter resposta ás seguintes cuestións:

- Está previsto que o Concello de Cabanas reciba novos colectores para a reciclaxe de envases, papel ou vidro nas próximas semanas?
- Está previsto levar a cabo algunha campaña de sensibilización da reciclaxe que inclúa o reparto de caldeiros para a separación de residuos ou a promoción da compostaxe nos próximos meses?
- Pensa o goberno municipal estudar a modificación da situación dalgúns colectores para facilitar o depósito do lixo pola veciñanza?

En Cabanas, a 23 de xaneiro de 2017

Asdo. Iago Varela Martínez  
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS



Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte

### **PREGUNTA ESCRITA PARA A SÚA RESPONSA NO PLENO**

Nos últimos meses incrementáronse as queixas da veciñanza polo labor de asistencia técnica da empresa concesionaria do mantemento do servizo de alumeadado público. De maneira recorrente as veciñas atópanse con situacións esperpénticas, como os seguintes exemplos:

- Veciñas que denuncian ter que agardar varias semanas para que a empresa vaia amañar un punto de luz.
- Veciñas que denuncian que a empresa concesionaria, ao ir amañar un punto de luz, deixa o poste sen foco, que só é repostado se se protesta no concello.
- Zonas que levan varias semanas con fallos constantes, sen que a empresa concesionaria achegue unha solución.

Ante esta situación, o BNG desexa ter resposta ás seguintes cuestións.

- Ten constancia o goberno municipal destas incidencias e do pésimo servizo técnico que está a dar a empresa concesionaria do alumeadado público no concello de Cabanas?
- Realiza o Concello de Cabanas un seguimento da empresa concesionaria para verificar o cumprimento do contrato?

En Cabanas, a 23 de xaneiro de 2017

Asdo. Iago Varela Martínez  
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS



Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte

### **PREGUNTA ESCRITA PARA A SÚA RESPONSA NO PLENO**

Durante os últimos anos, a expansión da vespa velutinas ten causado importantes problemas no conxunto do país, ameazando tanto a diversidade como as actividades apícolas, así como a saúde da poboación, particularmente a alérxica. Cabanas non foi unha excepción, e durante os últimos anos viñeron atopándose un importante número de niños, o que levou incluso a aprobarse mocións neste pleno ao respecto.

Por esa razón, o BNG desexa ter resposta ás seguintes cuestións:

- Cantos avisos foron recibidos o ano pasado por parte do Concello para a retirada de niños de velutina?
- Cantos niños foron retirados durante o pasado 2016?
- Cal foi o tempo medio de espera desde o aviso até a retirada?
- Cal é o protocolo ao respecto, se o houber, que se está a seguir na actualidade no Concello de Cabanas?
- Que avaliación fai o goberno municipal do devandito protocolo?

En Cabanas, a 23 de xaneiro de 2017

Asdo. Iago Varela Martínez  
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS